

A thick, dark green vertical bar runs down the left side of the page. A light green arrow-shaped banner points to the right, overlapping the bar, and contains the text 'CURSO 2020-2021'.

CURSO 2020-2021

# **Plan de Ensino Virtual ante a Covid-19.**

CEIP Vilaverde-Mourente

Several thin, curved lines in shades of green and grey originate from the bottom left corner and sweep upwards and to the right, creating a decorative, organic feel.

## Índice

1. Introducción .....	2
2. Actividade lectiva a distancia. Peche ou confinamento dunha aula ou do centro.	3
3. Horarios Espello para a docencia virtual .....	4
4. Seguimento do proceso non presencial: Control da asistencia e avaliación .....	15
5. Formación e información .....	16
6. Distribución de medios informáticos.....	16
7. Normas de convivencia para una clase virtual exitosa (NOFC) .....	17

## 1. Introducción:

Aos efectos de garantir o dereito á educación do alumnado que debe permanecer confinado nos seus fogares pola Covid como consecuencia do peche da aula de referencia (grupo de referencia), do nivel educativo ou do centro no que está escolarizado, os centros educativos incorporarán ao Plan de Continxencia, que figura como anexo no “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 para o curso 2020-2021” as medidas contidas no Anexo I da seguinte resolución: *Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021.*

O “Plan de Continxencia” do centro ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nunha aula, etapa educativa ou centro.

Ademais o “Plan de Continxencia” do centro debe establecer as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial a través dunha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflecta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, de acordo co previsto na *Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.*

Non obstante, este plan será obxecto de revisión e adaptación continua atendendo á evolución da pandemia, co fin de garantir a súa adecuación ás obrigas ou recomendacións sanitarias existentes en cada momento.

## **2. Actividade lectiva a distancia. Peche ou confinamento dunha aula ou do centro.**

O mesmo día do peche a Dirección do centro enviará unha comunicación ás familias a través de TokApp e publicará unha nova na Web do centro, anunciando o peche e o inicio da actividade non presencial <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdevilaverde/>

Durante o peche ou confinamento, de acordo coas indicacións sanitarias, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.

A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das seguintes ferramentas: aula virtual, Edixgal, Webex, Blog, correo electrónico, etc.

O profesorado habilitará na aula virtual, Edixgal ou blogs do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente para o alumnado de menor idade, a través da aplicación TokApp, da aula virtual, Edixgal ou do blog. Estas actividades ou recursos remitirán a tarefas integradas, proxectos, unidades didácticas, fichas específicas e actividades en liña, entre outros.

Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará co seu labor docente de acordo co previsto no Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid para o curso 2020-2021 e as Instrucións do 30 de xullo 2020, como se reflicte nas Programacións didácticas.

A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

Para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas. Esta proposta faráselle chegar virtualmente á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao devandito equipo.

A Orientadora do centro velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Garantirase en todo momento a atención á diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares.

A actividade educativa durante o peche ou confinamento estará sometida aos principios xerais de inspección educativa podendo requirir acceso aos servizos de auditoría e rexistro das citadas ferramentas.

Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o equipo docente (equipos de nivel ou profesorado de grupo de niveis próximos) co apoio da persoa Coordinadora TIC /eDixgal quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do ou da docente. Poderá contarse, para este labor, co apoio das asesorías do Centros de Formación e Recursos (CFR) correspondente.

### **3. Horarios Espello para a docencia virtual**

O proceso de ensino aprendizaxe, para que sexa efectivo, necesita do mantemento dunhas rutinas que pasan por unha interacción entre o alumnado e o profesorado, explicación de conceptos-procedementos-datos-feitos,.., realización de tarefas, resolución de dúbidas e avaliación do progreso.

Isto conleva unha estruturación do proceso mediante a organización dun horario similar ao que se desenvolva nunha situación de presencialidade, empregando ferramentas de comunicación, aulas virtuais e blogs.

Este horario de docencia a distancia, é de *obrigado cumprimento* para o alumnado e profesorado, e de referencia para as familias; establecerá unha orde no proceso formativo similar ao ensino presencial, que permita avanzar nas programacións das áreas, ámbitos, ou materias pero sen obrigar ao alumnado e ao profesorado a unha conexión continua, para conseguir que o proceso ensino-aprendizaxe sexa o máis efectivo posible.

Respectarase a carga lectiva de cada materia e distribuirase de tal forma que un mínimo do 60% se centre na docencia virtual e o 40% se destine á realización de tarefas e actividades por parte do alumnado. Así mesmo, respectarase os tempos de descanso do alumnado.

Reducirase a duración do horario presencial das sesión dos 50' a 30', de xeito que o tempo restante quedará para preparar a conexión co profesorado que teña a

continuación, coa materia de especialidade,... ; e evitárase ao mesmo tempo a sobrecarga do alumnado.

Estes horarios de ensinanza virtual deben entenderse como o tempo necesario para o traballo de cada materia sen esquecer o que a este respecto di o artigo 9.2 do *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, do currículo de Educación Primaria* que é referido ao carácter global e integrador da etapa.

Tamén de acordo co Plan de continxencia do noso CEIP, para a duración das videoconferencias e demais actividades terase en conta o recollido no apartado 3.12 *“Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial”*.

Evidentemente, pode haber casos nos que unha mesma familia teña dúas/dous ou máis fillas/fillos, non só no mesmo centro, senón en centros distintos, e que teña un único equipo no domicilio. Isto non pode ser un impedimento para facer os horarios.

Na etapa de Educación Infantil e en 1º e 2º de Educación Primaria os centros poderán empregar outros medios e canles alternativas á aula virtual, se o consideran, para a atención do alumnado e comunicación coas familias. No noso centro empregáranse os blogs e os correos electrónicos, e de ser o caso a aula virtual.

As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso. O alumnado está obrigado a participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento (NOFC).

Na distribución horaria establecerase unha sesión de tutoría para a atención ás familias que se corresponderá co martes de 16 a 17 horas.

Estes horarios serán aprobados provisionalmente pola Dirección do centro e remitidos a Inspección Educativa para a súa supervisión e autorización definitiva. Incorporaranse ao Plan de Continxencia, serán comunicados ao profesorado e alumnado para o seu cumprimento, informados ás familias para que poidan contribuír ao proceso educativo a través do profesorado tutor do grupo do alumnado e publicados na páxina web do centro para garantir a súa difusión.

## HORARIOS DE DOCENCIA VIRTUAL

<b>3ºA</b>	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
9:00-9:30	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	<b>Inglés</b>
9:30-9:50	Tarefas e actividades do alumnado				
9:50-10:20	<b>Inglés</b>	Lingua Castelá e Literatura	<b>Inglés</b>	Lingua Castelá e Literatura	Lingua Castelá e Literatura
10:20-10:40	Tarefas e actividades do alumnado				
10:40-11:10	Lingua Castelá e Literatura	<b>Ed. Fís</b>	Ciencias Naturais	Ciencias Naturais	Ciencias Sociais Prof. Apoio Esp.
11:10-11:30	Tarefas e actividades do alumnado				
11:30-11:50	RECREO- TEMPO DE LECER				
12:00-12:20	OUTRAS DINAMIZACIÓNS				
12:20-12:50	Lingua Galega e Literatura	Lingua Galega e Literatura	<b>Relixión/VCS</b>	<b>Ed. Fís</b>	Lingua Galega e Literatura
12:50-13:10	Tarefas e actividades do alumnado				
13:10-13:40	<b>Música</b>	Ciencias Sociais	Lingua Galega e Literatura	Ciencias Sociais Prof. Apoio Esp	Plástica
13:40-14:00	Tarefas e actividades do alumnado				

<b>3ºB</b>	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
9:00-9:30	Matemáticas	Matemáticas	Lingua Castelá e Literatura	<b>Inglés</b>	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp
9:30-9:50	Tarefas e actividades do alumnado				
9:50-10:20	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp	Lingua Castelá e Literatura	<b>Ed. Fís</b>	Matemáticas	<b>Relixión/VCS</b>
10:20-10:40	Tarefas e actividades do alumnado				
10:40-11:10	<b>Inglés</b>	<b>Música</b>	Matemáticas Prof. Apoio Esp	Lingua Castelá e Literatura	Ciencias sociais
11:10-11:30	Tarefas e actividades do alumnado				
11:30-11:50	OUTRAS DINAMIZACIÓNS				
12:00-12:20	RECREO-TEMPO DE LECER				
12:20-12:50	Lingua Castelá e Literatura	Ciencias Naturais Prof. Apoio Esp	<b>Inglés</b>	Ciencias Naturais	<b>Ed. Fís</b>
12:50-13:10	Tarefas e actividades do alumnado				
13:10-13:40	Ciencias sociais	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp	Ciencias sociais	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp	Plástica
13:40-14:00	Tarefas e actividades do alumnado				



<b>4ºA</b>	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
9:00-9:30	Lingua Galega e Literatura	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp	<b>Ed. Fís</b>	Matemáticas Prof. Apoio Esp	<b>Música</b>
9:30-9:50	Tarefas e actividades do alumnado				
9:50-10:20	<b>Inglés</b> Prof. Apoio Esp	Matemáticas Prof. Apoio Esp	Matemáticas Prof. Apoio Esp	<b>Inglés</b> Prof. Apoio Esp	Matemáticas Prof. Apoio Esp
10:20-10:40	Tarefas e actividades do alumnado				
10:40-11:10	Matemáticas Prof. Apoio Esp	Lingua Castelá e Literatura Prof. Apoio Esp	Lingua Castelá e Literatura Prof. Apoio Esp	Lingua Castelá e Literatura Prof. Apoio Esp	<b>Ed. Fís</b>
11:10-11:30	Tarefas e actividades do alumnado				
11:30-11:50	RECREO-TEMPO DE LECER				
12:00-12:20	OUTRAS DINAMIZACIÓNS				
12:20-12:50	Ciencias Naturais Prof. Apoio Esp	<b>Inglés</b> Prof. Apoio Esp	Plástica	Ciencias Naturais	Ciencias sociais Prof. Apoio Esp
12:50-13:10	Tarefas e actividades do alumnado				
13:10-13:40	Lingua Castelá e Literatura Prof. Apoio Esp	Ciencias sociais	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp	<b>Relixión/VCS</b>	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp
13:40-14:00	Tarefas e actividades do alumnado				

**4ºB**

	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
9:00-9:30	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas Prof. Apoio Esp	Matemáticas Prof. Apoio Esp	<b>Ed. Fís</b>
9:30-9:50	Tarefas e actividades do alumnado				
9:50-10:20	<b>Música</b>	Lingua Castelá e Literatura	Ciencias Naturais	Lingua Castelá e Literatura	Matemáticas
10:20-10:40	Tarefas e actividades do alumnado				
10:40-11:10	Ciencias Naturais	Lingua Castelá e Literatura	<b>Inglés</b>	<b>Relixión/VCS</b>	Lingua Castelá e Literatura Prof. Apoio Esp
11:10-11:30	Tarefas e actividades do alumnado				
11:30-11:50	OUTRAS DINAMIZACIÓNS				
12:00-12:20	RECREO-TEMPO DE LECER				
12:20-12:50	<b>Inglés</b>	<b>Ed. Fís</b>	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp	Lingua Galega e Literatura	<b>Inglés</b>
12:50-13:10	Tarefas e actividades do alumnado				
13:10-13:40	Lingua Galega e Literatura	Ciencias sociais	Lingua Galega e Literatura	Ciencias sociais	Plástica
13:40-14:00	Tarefas e actividades do alumnado				

**5ºA**

	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
9:00-9:30	Lingua Castelá e Literatura	Matemáticas	Lingua Castelá e Literatura	<b>Música</b>	<b>Inglés</b>
9:30-9:50	Tarefas e actividades do alumnado				
9:50-10:20	<b>Ed. Fís</b>	Lingua Galega e Literatura	<b>Inglés</b>	Lingua Galega e Literatura	Ciencias Naturais
10:20-10:40	Tarefas e actividades do alumnado				
10:40-11:10	Lingua Galega e Literatura	Lingua Castelá e Literatura	Ciencias sociais	<b>Ed. Fís</b>	<b>Plástica</b>
11:10-11:30	Tarefas e actividades do alumnado				
11:30-11:50	RECREO-TEMPO DE LECER				
12:00-12:20	OUTRAS DINAMIZACIÓNS				
12:20-12:50	Matemáticas	Ciencias Naturais	Matemáticas	Lingua Castelá e Literatura	Matemáticas
12:50-13:10	Tarefas e actividades do alumnado				
13:10-13:40	Ciencias sociais	<b>Inglés</b>	<b>Relixión/VCS</b>	Matemáticas	Lingua Galega e Literatura
13:40-14:00	Tarefas e actividades do alumnado				

<b>5ºB</b>	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
9:00-9:30	<b>Inglés</b>	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp	Ciencias Naturais	<b>Ed. Fís</b>	Lingua Castelá e Literatura
9:30-9:50	Tarefas e actividades do alumnado				
9:50-10:20	Matemáticas	<b>Ed. Fís</b>	Lingua Castelá e Literatura	Matemáticas Prof. Apoio Esp	<b>Plástica</b>
10:20-10:40	Tarefas e actividades do alumnado				
10:40-11:10	Ciencias sociais Prof. Apoio Esp	Matemáticas Prof. Apoio Esp	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp	Lingua Castelá e Literatura Prof. Apoio Esp	Ciencias Naturais Prof. Apoio Esp
11:10-11:30	Tarefas e actividades do alumnado				
11:30-11:50	OUTRAS DINAMIZACIÓNS				
12:00-12:20	RECREO-TEMPO DE LECER				
12:20-12:50	Lingua Galega e Literatura	Lingua Castelá e Literatura	<b>Inglés</b>	Ciencias sociais Prof. Apoio Esp	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp
12:50-13:10	Tarefas e actividades do alumnado				
13:10-13:40	<b>Relixión/VCS</b>	<b>Música</b>	Matemáticas	<b>Inglés</b> Prof. Apoio Esp	Matemáticas Prof. Apoio Esp
13:40-14:00	Tarefas e actividades do alumnado				

**6ºA**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00-9:30	Ciencias sociais	Matemáticas	Lingua Castelá e Literatura	<b>Inglés</b>	Ciencias Naturais
9:30-9:50	Tarefas e actividades do alumnado				
9:50-10:20	Lingua Galega e Literatura	<b>Inglés</b>	<b>Relixión/VCS</b>	Lingua Castelá e Literatura	Matemáticas Prof. Apoio Esp
10:20-10:40	Tarefas e actividades do alumnado				
10:40-11:10	<b>Ed. Fís</b>	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp	<b>Música</b>	Matemáticas	Ciencias sociais
11:10-11:30	Tarefas e actividades do alumnado				
11:30-11:50	RECREO- TEMPO DE LECER				
12:00-12:20	OUTRAS DINAMIZACIÓNS				
12:20-12:50	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp	Ciencias Naturais	Matemáticas Prof. Apoio Esp	Matemáticas Prof. Apoio Esp	Lingua Castelá e Literatura
12:50-13:10	Tarefas e actividades do alumnado				
13:10-13:40	<b>Inglés</b>	Ciencias Naturais	<b>Ed. Fís</b>	Ciencias sociais	<b>Plástica</b>
13:40-14:00	Tarefas e actividades do alumnado				

**6ºB**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00-9:30	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp	Ciencias Naturais	Matemáticas Prof. Apoio Esp	Ciencias Naturais	Lingua Castelá e Literatura Prof. Apoio Esp
9:30-9:50	Tarefas e actividades do alumnado				
9:50-10:20	Ciencias sociais	Lingua Galega e Literatura	Matemáticas	Matemáticas	<b>Inglés</b>
10:20-10:40	Tarefas e actividades do alumnado				
10:40-11:10	<b>Música</b>	<b>Inglés</b>	Lingua Castelá e Literatura	<b>Plástica</b>	<b>Relixión/VCS</b>
11:10-11:30	Tarefas e actividades do alumnado				
11:30-11:50	OUTRAS DINAMIZACIÓNS				
12:00-12:20	RECREO-TEMPO DE LECER				
12:20-12:50	Ciencias Naturais	Matemáticas	Lingua Castelá e Literatura Prof. Apoio Esp	Ciencias sociais Prof. Apoio Esp	Matemáticas
12:50-13:10	Tarefas e actividades do alumnado				
13:10-13:40	<b>Ed. Fís.</b>	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp	<b>Inglés</b>	<b>Ed. Fís.</b>	Ciencias sociais
13:40-14:00	Tarefas e actividades do alumnado				

<b>6º C</b>	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
9:00-9:30	Matemáticas Prof. Apoio Esp	Lingua Galega e Literatura Prof. Apoio Esp	<b>Inglés</b>	Lingua Castelá e Literatura	Matemáticas
9:30-9:50	Tarefas e actividades do alumnado				
9:50-10:20	Matemáticas	Matemáticas	Lingua Castelá e Literatura Prof. Apoio Esp	Ciencias sociais	Ciencias Naturais
10:20-10:40	Tarefas e actividades do alumnado				
10:40-11:10	<b>Inglés</b>	Ciencias Naturais	Matemáticas	Lingua Castelá e Literatura Prof. Apoio Esp	<b>Inglés</b>
11:10-11:30	Tarefas e actividades do alumnado				
11:30-11:50	OUTRAS DINAMIZACIÓNS				
12:00-12:20	RECREO-TEMPO DE LECER				
12:20-12:50	<b>Ed. Fís</b>	Lingua Galega e Literatura	Ciencias Naturais	<b>Plástica</b>	Ciencias sociais
12:50-13:10	Tarefas e actividades do alumnado				
13:10-13:40	Ciencias sociais	<b>Relixión/VCS</b>	<b>Música</b>	Lingua Galega e Literatura	<b>Ed. Fís</b>
13:40-14:00	Tarefas e actividades do alumnado				

- ❖ **Recreo e outras dinamizacións:** no horario presencial temos estas dúas franxas horarias, na primeira franxa saen os grupos A aos espazos do patio mentres os grupos B merendan e realizan actividades de tutoría, animación lectora dixital, educación emocional... Na segunda franxa saen os grupos B aos espazos de patio e os grupos A merendan e realizan actividades de tutoría, animación lectora dixital, educación emocional, etc. No horario virtual este tempo de dinamización aproveitáremolo para facer tutorías co grupo, actividades de educación emocional, animación lectoras...
- ❖ **Prof. Apoio Esp:** profesorado de PT e AL que apoian dentro da aula ordinaria. Este apoio será en paralelo total ou parcialmente segundo o caso coa titora ou titor coa fin de adaptar as tarefas para o alumnado con nee.
- ❖ **A sesión de tutoría** para a atención ás familias corresponderá os martes de 16:00 a 17:00 horas a través do teléfono ou da webex.

#### 4. Seguimento do proceso non presencial: Control da asistencia e avaliación

O titor ou titora de cada alumna e alumno informará aos pais, ás nais ou ás tutorías legais das normas (reflectidas no NOFC relacionadas coa non conexión do alumnado, condutas prexudiciais do alumnado durante as clases virtuais ou mal uso das tecnoloxías...) que establece o centro para esta modalidade non presencial de ensino-aprendizaxe así como do control de asistencia e a avaliación nesta modalidade.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen os contidos das materias ou a avaliación continua das mesmas.

O *control de asistencia* establecerase diariamente polo profesorado mediante as ferramentas habituais. Ante unha falta de asistencia reiterada e non xustificada por parte dunha alumna ou alumno actuarase de acordo co Protocolo para a prevención e o control do absentismo. O profesorado levará un rexistro diario da actividade telemática a través do documento facilitado pola Consellería, que será entregado semanalmente á Xefatura de estudos.

Este documento recollerá a relación de actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido. Debe entenderse como un elemento para facer a *avaliación do alumnado*, como garante ante unha posible reclamación e para dar continuidade do traballo do profesorado de cara a eventuais baixas. Este documento é de obrigada realización.



## 5. Formación e información:

Para o desenvolvemento efectivo do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia:

1. A dirección do centro promoverá actividades de información e formación para que o alumnado, o profesorado e as familias poidan utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación: webex, aula virtual e blogs.
2. Empregaranse os recursos formativos do CFR para a formación do profesorado no emprego de ferramentas dixitais (actualmente o profesorado está realizando formación en Aula Virtual a través dun PFPP). Tamén contamos co CFR para a formación das familias no emprego da Aula Virtual, proximamente concretaremos datas. <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdevilaverde/aulavirtual/>
3. O profesorado de cada área ou materia experimentará no centro co alumnado de todos os grupos o uso dos medios de comunicación telemática coa fin de adquirir as competencias necesarias no caso de ter que desenvolver o ensino a distancia, tanto se o alumnado dispón de medios no seu domicilio como se non os ten. Así mesmo, deberase trasladar a información ás familias do funcionamento das aulas virtuais e do Cisco Webex, e ter retorno de que as familias a recibiron. Deberase identificar aquel alumnado con necesidade de medios informáticos. Dita relación deberase achegar ao enderezo electrónico que se lle facilitará desde os Servizos Centrais e remitir copia da mesma a Inspección Educativa.

## 6. Distribución de medios informáticos:

O mesmo día da corentena ou do peche o Equipo Directivo afrontará dentro das posibilidades do centro, cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades de medios informáticos para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado.

Unha vez atendidas as necesidades iniciais que poida a Dirección do centro trasladará con carácter de urxencia por correo electrónico á Inspección Educativa as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir. Inspección Educativa dará traslado destas necesidades aos Servizos Centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.

Os equipamentos entregaranse ao centro educativo que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida. Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como Anexo II e que se atopa dispoñible no Portal Educativo.

Aos efectos de axilizar o proceso ante un posible peche a Dirección do centro educativo recadará de inmediato os documentos de cesión de equipamento debidamente asinados polas familias que puidesen precisar este equipamento. Chegado o eventual peche darán traslado dos documentos de cesión asinados para a recepción dos equipamentos correspondentes.

Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o centro, no prazo máximo de 3 días deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA.

Cando fosen repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias. Para preparar esta reunión poderá contarse co apoio do CFR ou a asesoría Abalar.

Farase unha reunión diferenciada para o alumnado de 2º EP e cursos inferiores, dado que a súa atención non se basea preferentemente na aula virtual. Terase en conta a capacidade máxima de participantes nas aplicacións aportadas pola Consellería para videoconferencias e, polo tanto, realizaranse tantas convocatorias como sexan necesarias.

## **7. Normas de convivencia para una clase virtual exitosa (NOFC)**

As normas traballaranse co alumnado na aula nos simulacros e na primeira conexión, poderán usarse presentacións, vídeos,...

- Asistimos á clase virtual. As familias xustificarán a ausencia adecuadamente a través dos medios xa establecidos no centro.
- Somos puntuais nas conexións. Non interrompemos a clase se eventualmente temos que ingresar un chisco tarde na conexión, saudamos polo chat e disculpámonos.
- Saudamos e despedímonos.
- Presentámonos adecuadamente: aseo, vestiario, peiteado e almorzo. Ten en liña as mesmas actitudes e condutas que na aula habitual.
- Colocámonos e sentamos correctamente nun lugar adecuado (luz, sen ruídos,...). Establecer un espazo de conexión libre de distraccións.
- Dispomos e ordenamos os materiais que precisamos para a sesión antes de que comece a clase. Usamos para planificarnos o horario.
- Temos activada a cámara e mantemos o micrófono apagado ata que no lo indique o profesorado.

- Mantemos unha postura correcta durante a conexión.
- Evitamos xogar e distraernos durante as conexións. Non nos ausentamos sen solicitálo ao profesorado.
- Non interrompemos as clases e non rachamos o seu normal funcionamento.
- Escoltamos sempre con atención ao profesorado ou compañeiras e compañeiros.
- Levantamos a man se queremos participar, amosamos respecto, paciencia e empatía. Respectamos as quendas. Mantemos os debates e intercambios verbais nun ambiente san, educativo e construtivo.
- Non comemos nin bebemos mentres estamos na clase virtual.
- Este é un espazo de aprendizaxe evitamos mensaxes inapropiadas e xestos impropios.
- Ensinamos o polgar para indicar que entendemos ou rematamos a actividade.
- Esforzámonos en realizar todo o noso traballo da mellor maneira posible.
- Empregamos o chat durante a conexión en ocasións estritamente necesarias ou cando o indique o profesorado.
- Coidaremos e faremos un bo uso dos recursos telemáticos. Evitaremos usar o tempo de conexión para utilizacións inadecuadas do ordenador ou para acceder a páxinas/xogos non indicados.
- Se non podemos conectarnos ou falla a rede seguiremos as instrucións ou tarefas da aula virtual ou blog. Non nos desanimamos ante as dificultades de conexión.
- Realizaranse as tarefas e entregaranse para a corrección en tempo e forma.
- Deberase revisar de maneira cotiá as actividades que se dispoñan no blog e aula virtual para a súa realización.
- O alumnado manterá contacto periódico co profesorado a través dos medios establecidos.
- Non se gravarán as secuencias, clases, exposicións, comentarios do alumnado... sen permiso e petición expresa ao profesorado. Non se compartirán imaxes das clases virtuais en redes sociais. Poderán gravarse polo profesorado algúns aspectos para avaliación de producións ou resultados. Respectamos a privacidade de terceiras persoas.
- Coidar e non compartir contrasinais ou datos das xuntanzas virtuais ou da aula virtual.

### **Consecuencias do incumprimento destas normas:**

Rexistraranse todas as incidencias nas clases virtuais do alumnado e resolveranse primeiramente coa alumna ou alumno individualmente ou no seu caso coa familia.

### *Faltas Leves*

- Descoidar a presentación persoal, utilizando un vestiario inadecuado para unha clase.
- Desobedecer as instrucións do profesorado que guía a clase.
- Manter o micrófono aberto durante a clase cando non ten o uso da palabra, impedindo que o son da clase sexa óptimo.
- Non revisar os contidos, tarefas ou traballos subidos á aula virtual ou ao blog. Non acceder periodicamente aos lugares virtuais de información de actividades a realizar.
- Non realizar as tarefas en forma e tempo.
- Non ter presentes os materiais necesarios para a clase.
- ...

### *Faltas Graves*

- Amosar condutas relacionadas co plaxio, copia de traballos, falsificación en probas, ...
- Facer mal uso dos chat. Usar linguaxe inadecuada no entorno virtual. Expresarse de xeito irrespectuoso ou insolente.
- Manterse en desconexión durante o tempo de confinamento sen causa xustificada adecuadamente.
- Facer uso malintencionado, que falte ao respecto a alguén, das sesións virtuais, dos blog ou das aulas virtuais
- Interromper as clases e a aprendizaxe con condutas e expresións non acordes cun proceso de ensino-aprendizaxe.
- Que o alumnado grave ou difunda sesións virtuais ou parte delas sen consentimento das persoas participantes.
- Usar os medios dixitais para realizar calquera produtos que afecte á integridade dalgún membro da comunidade.
- Utilizar o chat para remitir bromas, groserías, expresións discriminatorias, violentas,...
- Compartir claves de accesos ou nomes de usuaria ou usuario.
- ...

Todas as condutas contrarias á convivencia terán as consecuencias relativas ao seu grao segundo se recolle no NOFC e Plan de convivencia do centro (publicados na web).

**DATA NA QUE O EQUIPO DIRECTIVO REMITE Á INSPECCIÓN EDUCATIVA:**

10-11-2020